



CONSORCIO DE
SANTIAGO

Newsletter

Decembro 2021

PATRIMONIO |

O Consorcio de Santiago incrementa o investimento na rehabilitación de vivendas nun 47% respecto a 2021 e nun 79% en relación a 2020



O Consorcio de Santiago aprobou na súa Comisión Executiva e Consello de Administración o presuposto para o vindeiro ano, que ascende a 9.171.031,69 €. Ao programa de rehabilitación, mantemento e recuperación urbanas vanse destinar 1.798.579,88 €; ao de dinamización cultural e turística 5.813.016,90 €; ao de información, estudo, interpretación e divulgación da cidade 385.219,45 €;

e ao de administración, dirección xeral e mantemento e conservación do patrimonio propio 1.174.215,46 €.

En relación ao mantemento e posta en valor dos monumentos da cidade histórica, iníciase a rehabilitación da fachada principal do Pazo de Raxoi á Praza do Obradoiro, que incluíra a mellora da eficiencia enerxética do edificio. O investimento no tecido residencial será de 600.000 €, o que supón un incremento do 47% con respecto a 2021 e do 79% en relación a 2020. Ao mantemento de lousados dedicarase 194.000 €.

PUBLICACIÓNS E EXPOSICIÓNS |

“Dobre Quadratura”, dúas publicacións que amosan traballos dos artistas galegos Lois Patiño e Jorge Perianes

A Casa do Cabido acolleu a principios deste ano a exposición “Dobre Quadratura”, con instalacións dos artistas galegos Lois Patiño e Jorge Perianes, comisariada pola crítica de arte Mercedes Rozas e patrocinada polo Consorcio de Santiago. Agora saen á luz dúas publicacións homónimas, coeditadas polo Consorcio e Teófilo Edicións, nas que se recollen as obras exhibidas na mostra. Os dous libros están editados en galego, castelán e inglés.



Visitas comentadas á exposición *Memorias do Café Derby (1929-2020)* na Casa do Cabido

O Concello de Santiago está a organizar visitas comentadas de balde á exposición “*Memorias do Café Derby (1929-2020)*”, na Casa do Cabido. Son os venres ás 18:00 h e os domingos ás 12:00 h, ata o mes de febreiro. Están guiadas polos comisarios, Ana Castro e Fernando Franjo, cunha duración duns 50 minutos e un aforo máximo de 10 persoas por visita, seguindo a orde de inscrición. Os interesados deben enviar un correo electrónico a visitasguiadas@consorciodesantiago.org, indicando o número de persoas que desexan participar.



MÚSICA |

Máis música no novo ano coa Real Filharmonía de Galicia



A pianista Gabriela Montero tocará coa RFG

A Real Filharmonía de Galicia comezará o novo ano co Concerto de Reis, o 5 de xaneiro, dirixido por Paul Daniel. Baixo o título “*Tren, barco, avión e outros medios de locomoción*”, o programa lembra o lema desta temporada -*Viaxes*-, e diferentes medios de transporte serán o fío condutor da noite, na que se contará coa colaboración do bandoneonista Claudio Constantini. O 19 de xaneiro en Vigo e o 20 en Santiago regresará a principal directora convidada da RFG, Joana Carneiro, para gozar dunha “*Peregrinación nos Andes*”, xunto á pianista Gabriela Montero, que interpretará o *Concerto para piano en la menor* de Clara Schumann.

Concertos didácticos para os centros educativos

Co propósito de achegar a orquestra e a música clásica aos máis novos, a RFG vai realizar esta temporada oito concertos didácticos dirixidos aos centros educativos de toda a comunidade. Son dúas propostas diferentes. Por un lado, o concerto “*Das tebras á luz*”, dirixido por Pablo Devigo, será en xaneiro e reúne pezas musicais vencelladas ás grandes forzas da natureza e á inmensidade do universo. En febreiro chegará “*O grande Beethoven*”, realizado en colaboración co Servizo Educativo da Casa da Música de Porto.

